



BASES DE CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCUBACIÓN

USC-INTEGRA

**Impulso ao emprendemento e transferencia
en tecnoloxías emerxentes**

Índice de Contidos

1. **Introdución**
2. **Elementos diferenciadores do programa USC-Integra**
3. **Destinatarios do programa**
4. **Requisitos de acceso ao programa para participar**
5. **Proceso de solicitude**
6. **Estrutura e fases do programa**
7. **Cronograma de actividades**
8. **Aceptación das bases**
9. **Tratamento de datos**
10. **Imaxe**

ANEXO: Formulario de solicitude

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCUBACIÓN

USC-INTEGRA

Impulso ao emprendemento e transferencia
en tecnoloxías emerxentes

1. Introducción

O **Programa USC-INTEGRA** é unha iniciativa promovida pola Cátedra Economía de la Ciberseguridad USC-INCIBE (CECOCIB), coa colaboración da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) e financiada polo O Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), entidade dependente do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais.

O seu obxectivo principal é impulsar star-ups e proxectos emerxentes que integren tecnoloxías avanzadas, como a intelixencia artificial (IA), IoT, Big Data, robótica ou blockchain, en diferentes ámbitos do coñecemento (ciencias experimentais, ciencias sociais, humanidades...). Ademais, valorarase positivamente que a proposta inclúa un plan de ciberseguridade.

O programa ofrece financiamento e apoio estratéxico para cubrir necesidades técnicas, financeiras e de xestión, facilitando o desenvolvemento e consolidación dos proxectos dende a súa fase inicial ata a súa posta en marcha no mercado.

Cátedra Economía de la Ciberseguridad USC-INCIBE financiado por Unión Europea NextGeneration, PRTR a través de INCIBE

2. Elementos diferenciadores do programa USC-Integra

USC-INTEGRA destaca polo seu **enfoque integral e interdisciplinario**, ofrecendo un soporte sólido que abarca tanto o desenvolvemento técnico como a estratexia empresarial. O seu obxectivo é proporcionar ás start-ups e proxectos emerxentes as ferramentas necesarias para consolidarse, crecer e integrarse con éxito no mercado.

Ofrece aos participantes:

- › **Acompañamento especializado:** unha equipa de apoio interdisciplinario composto por expertos con ampla experiencia nos ámbitos do programa, que proporcionarán mentorías especializadas e asistencia técnica adaptada ás necesidades de cada proxecto.
- › **Acompañamento integral para proxectos innovadores:** análise de viabilidade, definición de modelos de negocio, servizos tecnolóxicos, normativa e creación de redes de contacto.
- › **Enfoque multidisciplinario:** integración de coñecemento da Cátedra Economía de la Ciberseguridad USC-INCIBE (CECOCIB) e do CiTIUS, coa experiencia en emprendemento da AVTE, aplicando metodoloxías contrastadas para o lanzamento de proxectos de emprendemento.

3. Destinatarios do programa

O **Programa USC-INTEGRA** está **dirixido á comunidade universitaria da USC**, que desenvolva solucións innovadoras en calquera área de coñecemento (ciencias experimentais, ciencias sociais, humanidades, etc.) que precisen da incorporación de tecnoloxías emerxentes (intelixencia artificial (IA), robótica, dixitalización, entre outras). Ademais, valorarase positivamente que a proposta inclúa un plan de ciberseguridade.

En particular, está orientado a:

- › **Persoal investigador** interesado en transferir coñecemento ao mercado (preferentemente mediante a creación dunha spin-off).
- › **Estudantes con inquiredanzas emprendedoras** no ámbito das tecnoloxías emerxentes.
- › **Egresados recentes** que busquen desenvolver un proxecto empresarial innovador, como, por exemplo, o que poida xurdir a partir da aplicación dos resultados dos seus traballos académicos (TFG, TFM, Tese...)¹.

¹ Segundo o regulamento de creación de empresas de base tecnolóxica da USC aprobado polo consello de goberno o 31 de Xaneiro de 2017, considéranse egresados aquelas persoas que obtiveron a titulación nos últimos tres anos.

4. Requisitos de acceso ao programa

Para poder participar en **USC-INTEGRA**, os proxectos deben cumprir os seguintes requisitos:

- › **Ser parte da comunidade universitaria da USC**, incluíndo: persoal investigador, persoal técnico de xestión e de administración e servizos, estudantes e egresados.
- › Contar cun proxecto en fase emerxente **que precise dalgún tipo de desenvolvemento de software ou recorra a tecnoloxías** como IA, IoT, Big Data, robótica ou blockchain **en calquera ámbito de coñecemento** (ciencias experimentais, ciencias sociais, humanidades, etc.).
- › Ter un **enfoque innovador, orientado á creación de solucións** avanzadas cun potencial real de aplicación e impacto na sociedade.
- › **Posibilidade de incorporación da ciberseguridade** como parte esencial da proposta de negocio.

5. Proceso de solicitud

A inscrición estará aberta dende o **10 de abril ata o 10 de maio de 2025**.

Durante este período, as persoas interesadas deberán presentar a súa candidatura a través do Formulario de Solicitud Web: **[Programa USC-INTEGRA]**. A información que contén este formulario detállase no Anexo da presente convocatoria.

Para máis información ou consultas, pódese contactar a través de **diego.suarez@usc.es** e **laura.quintana@usc.es**.

6. Estrutura e fases do programa

O **Programa USC-INTEGRA** contempla as seguintes fases no seu desenvolvemento:



6.1. Lanzamento da convocatoria:



Lanzarase unha **convocatoria aberta**, co obxectivo de seleccionar ata 10 proxectos. **A inscrición estará aberta dende o 10 de abril ata o 10 de maio de 2025.**

6.2. Avaliación e Selección de Proxectos:



Para levar a cabo esta selección, un **panel composto por expertos en tecnoloxía, negocios e ciberseguridade** será o encargado de **avaliar as candidaturas**, asegurando a selección dos proxectos con maior potencial en base aos seguintes **criterios**:

- › Grao de innovación
- › Interdisciplinariedade
- › Viabilidade técnica do proxecto
- › Plan de seguridade cibernética

6.3. Elaboración dunha Folla de Ruta



Unha vez seleccionados, **os proxectos iniciarán unha fase de definición estratéxica, na que se elaborará unha folla de ruta personalizada** para cada iniciativa.

Esta folla de ruta incluirá, entre outros aspectos, os seguintes:

- › **Obxectivos clave** a curto e medio prazo
- › **Etapas de desenvolvemento** estruturadas segundo as necesidades identificadas
- › **Recursos e servizos** ofertados para garantir o desenvolvemento da iniciativa
- › **Fitos estratéxicos** a alcanzar ao longo do programa

6.4. Execución do Programa



Cada iniciativa contará coa asignación dun titor de proxecto, quen ofrecerá apoio na execución da follla de ruta.

De este xeito, o **Programa USC-INTEGRA proporciona un acompañamento sólido**, ofrecendo apoio ás iniciativas nos seguintes ámbitos:

- › **Definición de proxectos empresariais: *por exemplo***, elaboración do plan de negocio, deseño de estratexias de comercialización efectivas ou análise da viabilidade financeira de novos proxectos, actividades grupais...
- › **Networking e ecosistema de contactos: *por exemplo***, conexión con investidores e mentores especializados, participacións en clústeres TIC e hubs de innovación, posibilidade de asistencia a algúns eventos...
- › **Servizos tecnolóxicos: *por exemplo***, acceso a ferramentas de desenvolvemento de software, espazos de traballo físicos e virtuais, plataformas de xestión e comunicación, servizos de infraestrutura e seguridade tecnolóxica.

› **Apoios especializados:** *por exemplo*, avaliación de seguridade, cumprimento normativo... Tamén a posibilidade de servizos tecnolóxicos especializados adaptados a cada proxecto.

6.5. Presentación de proxectos




Ao finalizar o programa, celebrarase unha xornada de presentación dos proxectos, na que se recoñecerán as mellores iniciativas.

7. Cronograma de actividades

As fases descritas no apartado anterior organizaranse en torno ao seguinte cronograma de actividades, co obxectivo de asegurar o desenvolvemento ordenado e efectivo de cada proxecto ao longo do **Programa USC-INTEGRA**.

Está contemplado dende **abril ata decembro de 2025**.



8. Aceptación das bases

A participación no **Programa USC-INTEGRA**, mediante a presente convocatoria, supón a aceptación destas bases, sen salvedades nin condicionantes, así como calquera resolución que se puidera producir. A interpretación das bases correspóndelle á organización. As decisións tomadas polo panel de expertos serán inapelables.

As informacións que o programa pida aos participantes compromete aos mesmos a que todos os datos aportados sexan orixinais e fidedignos.

A organización resérvase o dereito de excluír do programa a calquera participante que non amose interese no mesmo nin colabore adecuadamente coa equipa da que forma parte.

9. Tratamento de datos persoais

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) comprométese a manter a confidencialidade dos datos presentados polos participantes. En calquera caso, poderanse difundir características xerais do proxecto e, no seu momento, información coma o logotipo, a actividade, principais logros e nome das persoas integrantes do equipo.

Os participantes comprométense, á súa vez, a manter a confidencialidade sobre os resultados de investigación da Universidade de Santiago de Compostela postos a súa disposición, sempre e cando non sexan de dominio público.

10. Imaxe

Os participantes no **Programa USC-INTEGRA** aceptan e autorizan a publicación da súa imaxe en medios de comunicación e internet para a promoción do programa. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito nas direccións de correo electrónico: diego.suarez@usc.es ou laura.quintana@usc.es

ANEXO: FORMULARIO DE SOLICITUDE

IMPULSO AO EMPRENDIMENTO E TRANSFERENCIA
EN TECNOLOXÍAS EMERXENTES

USC-INTEGRA

ANEXO: Formulario de Solicitud

Debe presentar a súa candidatura a través do Formulario de Solicitud Web pinchando no seguinte enlace: **[Programa USC-INTEGRA]**.

› Datos do solicitante

Nome e apelidos:

Teléfono:

Correo electrónico:

Siñale a súa vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela (USC):

- ☐ Estudiante
- ☐ Egresado ou egresada recente
- ☐ Persoal investigador

Se che parece relevante, cóntanos algo sobre ti, a túa formación ou a túa experiencia profesional:

.....

.....

.....

› Datos do proxecto

Título:.....

Descrición do proxecto (descrición do problema que resolve o proxecto e cal é a orixe da innovación que se aplica):

.....

.....

.....

Ámbitos de aplicación:

1. **Ámbito tecnolóxico** (seleccione a área tecnolóxica á que pertence o proxecto)

- ☐ Intelixencia Artificial (IA)
- ☐ Fintech
- ☐ Ciberseguridade
- ☐ Big data
- ☐ Internet das Cousas (IoT)
- ☐ Blockchain
- ☐ Robótica
- ☐ Outros (especificar):

2. **Ámbito de coñecemento** (seleccione a área do proxecto en función do seu orixe/enfoque)

- ☐ Enxeñaría
- ☐ Saúde
- ☐ Agricultura
- ☐ Educación
- ☐ Industria
- ☐ Finanzas
- ☐ Outros (especificar):

Grao de desenvolvemento do proxecto:

- ☐ **Idea inicial** (o proxecto está nas primeiras fases de desenvolvemento)
- ☐ **Prototipo** (o proxecto está nas primeiras fases de desenvolvemento e conta cun prototipo)
- ☐ Outro (especificar):

Obxectivos do proxecto (describir o problema ou necesidade que aborda e como se desenvolverán):

.....

.....

Plan de viabilidade técnica (describir como se implantará e escalará a solución proposta):

.....

.....

Plan de viabilidade cibernética (se procede):

.....

.....

› Confirmación e Aceptación

A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das súas bases.

Confirmando que os datos proporcionados son correctos e que o proxecto descrito cumpre cos requisitos establecidos no **Programa USC-Integra**.

Entendo que a información proporcionada será tratada conforme á normativa de protección de datos vixente.

Sinatura do solicitante: _____

Data: _____